

J.7. A TRANSFERENCIA E O TRANSPORTE

Respecto das fases de Transferencia e Transporte na proposta do novo modelo, en xeral continuarase co mesmo sistema que está na actualidade.

Non obstante, o transporte dos RSU dependerá do sistema de recollida que estea implementado en cada zona, basicamente do tipo de contedor existente, polo que debido aos distintos sistemas tecnolóxicos será preciso contar con camións de distintos tipos como son: recolector de carga traseira, recollida lateral e camiión guindastre.

Os residuos serán trasladados ao centro de transferencia de SOGAMA en Formarís no caso da fracción resto e/ou envases lixeiros, ás plantas de reciclaxe cando se trate de vidro ou papel/cartón e ás plantas de compostaxe no caso de fracción orgánica. Nas condicións actuais considérase que a mellor planta para realizar o tratamento da fracción orgánica recollida tanto aos grandes produtores como a través do 5º Contedor é a nova Planta de Compostaxe de SOGAMA.


Co obxectivo de mellorar o servizo propónse no que respecta ao transporte o seguinte:

- Camións con dous compartimentos para poder recoller dúas fraccións sen mesturalas o que inflúe na diminución da pegada de carbono e menos vehículos na rúa (menos molestias na mobilidade), xa que a planta de transferencia en Santiago de Compostela atópase cerca da cidade.
- Camións con sistema de pesada para implementar na taxa algún sistema de pago por xeración en recollida doméstico.
- Camións eléctricos ou con tecnoloxías de baixa emisión de

contaminantes e Gases de Efecto Invernadoiro.

- Instalación en vehículos de sistemas GPS para o seu posterior seguimento e control.

Con respecto á transferencia dos residuos manteríase o lugar onde se realiza actualmente (Formarís), xa que o mesmo atópase preto do concello e facilita a descarga dos residuos para o seu posterior tratamento. Non obstante, no caso da fracción orgánica considérase que a mellor alternativa consiste no traslado directo á Planta de Compostaxe de SOGAMA no Concello de Cerceda. Unha proposta de mellora nesta tarefa sería implementar un sistema de control eficiente do fluxo de RSU que permita asegurar o volume operacional óptimo.



J.8. TRATAMENTO

O modelo proposto considera distintos tipos de sistemas de tratamento segundo a fracción considerada e a solución mais axeitada para o mesmo. Deste xeito, para cada unha das fraccións os sistemas de tratamento do Concello de Santiago de Compostela serán os seguintes:

Compostaxe

O tratamento de materia orgánica realizarase preferentemente a través de sistemas de compostaxe comunitaria, en zonas rurais e rururbanas nas que exista unha masa crítica suficiente, e tamén en distintas zonas estratéxicas urbanas, e mediante compostaxe individual en zonas rurais de edificación dispersa. Por outra parte, a fracción orgánica provinte de zonas con sistema de recolección porta porta, quinto colector e grandes produtores o tratamento farase mediante planta de compostaxe. Na definición da proposta do sistema de recollida sinálanse as zonas nas cales realizarase o tratamento mediante Compostaxe Comunitaria ou, no seu caso, individual.

Compostaxe Individual

Para a realización da compostaxe individual, a empresa encargada da recollida de RSU de Santiago de Compostela xestionaría a entrega aos usuarios dos materiais necesarios tales como composteiro de capacidade duns 300 l, con sistema de varillas e con tapa; aireador e cubo de plástico de capacidade duns 7 l; un pequeno manual cos principios básicos da compostaxe e a explicación do funcionamento do composteiro; e un pequeno saco

duns 20 litros de material estruturante. Situaríanse na parcela de cada usuario (con contacto directo sobre a terra) para depositar a fracción orgánica, que posteriormente lle servirá para obter compost e darlle uso propio (por exemplo: abono para o xardín ou horto).

Como tarefa previa á entrega do material, os usuarios sería recomendable que recibiran a formación adecuada en compostaxe individual para a boa realización do proceso e obtención de resultados apropiados mediante un curso inicial en grupos de 15-20 persoas, que impartirían os profesionais asignados polo Concello. A partir do inicio da compostaxe doméstica facilitarase a entrega do material estruturante nos puntos limpos, onde os usuarios poderán recollelo cando precisen.

A entrega do composteiro doméstico farase como unha cesión do material por parte de Concello ao cidadán e irá acompañado dun documento de compromiso de bo uso, no que se permitirá ó Concello a retirar o material cedido en caso de non cumprilo.

Os pasos que se deben seguir para realizar o proceso son os seguintes:

1. Situar e colocar o composteiro directamente sobre a terra, intentando que estea na sombra.
2. Depositar a fracción orgánica dentro do composteiro, intentando mesturar volumes de materia húmida (por exemplo: restos de comida) e seca (por exemplo: herba seca) por igual.
3. Engadir a proporción necesaria de material estruturante.
4. Remover o material depositado, só na capa superior.

5. Controlar a humidade.

Con respecto ao seguimento do proceso de compostaxe, destinarase un empregado (con coñecementos necesarios sobre compostaxe) da empresa encargada da recollida de RSU, a realizar dúas visitas a cada domicilio, resolvendo dúbidas e recollendo datos para valorar o funcionamento do proceso. No caso de detección de problemas ou mal uso contemplarase unha terceira visita. Ademais, haberá soporte telefónico para todos os usuarios. O persoal utilizará o vehículo propiedade da empresa de recollida para trasladarse dun domicilio a outro e que será compartido con outros servizos a prestar (por exemplo: supervisión de compostaxe comunitaria).

Compostaxe Comunitaria

A compostaxe comunitaria realizarase en zonas debidamente acondicionadas, onde se colocarán varios módulos de compostaxe de capacidade duns 1.000 l, material de madeira, con sistema de varillas e tapa; ademais dun aireador por zona de compostaxe. Estes módulos, prestarán servizo (depósito de materia orgánica) a unhas 50 persoas por cada 3.000 l de módulos instalados na zonas de compostaxe identificadas. A elección da capacidade instalada de módulos de compostaxe depende do espazo dispoñible e do número de usuarios de cada unha das zonas de compostaxe. O compost xerado repartirase entre os usuarios para uso propio ou será utilizado polo Concello.

Ao terreo das zonas de compostaxe realizaráselles un acondicionamento previo á instalación dos módulos de compostaxe. Logo diso, colocaranse os módulos de compostaxe no caixón para o

estruturante, carteis identificativos da zona de compostaxe e información básica do proceso para seguir polo usuario e, se é necesario, un valado perimetral de madeira. Na localización terase en conta a necesidade de todas as zonas de compostaxe de contar cunha toma de auga para o mantemento das condicións de humidade e a limpeza do material.


Aos usuarios entregaráselles cubos de cociña de capacidade duns 7l para levar a fracción orgánica desde a súa casa á zona de compostaxe e o servizo de recollida de RSU de Santiago de Compostela terá que posuír unha bio-trituradora para os restos de poda que sexa capaz de triturar restos leñosos duros e flexibles.

Os pasos a seguir por parte dos usuarios para o bo funcionamento do sistema é:

1. Depositar no módulo de compostaxe correspondente (dispoñible por capacidade) a fracción orgánica xerada no domicilio (sen impropios).
2. Cubrir a fracción orgánica depositada nese intre co material estruturante.
3. Deixar o módulo de compostaxe e o caixón de estruturante pechados.

Comunicar calquera inconformidade ou incidencia (se existise), ao teléfono indicado no cartel situado na zona de compostaxe.

Para o seguimento e control destinarase a un supervisor (persoal pertencente á empresa de recollida de RSU), para que realice as tarefas de aireo dos composteiros, retirada de impropios, triturado e achega de material estruturante, resolución de incidencias,



verificación do nivel de enchido (indicará cun cartel o módulo que o usuario debe utilizar), control de temperatura e humidade, estado de madurez do compost, limpeza da zona, rexistro de datos e formación do usuario.

Para a realización destas tarefas estímase que o supervisor estará en cada zona de compostaxe ao redor de 20 minutos, e que o tempo de traslado dunha zona a outra é duns 10 min. Cada zona de compostaxe será visitada 3 veces á semana por parte do supervisor.

Doutra banda, para a etapa previa e de implementación (primeiro ano) estímase que deberase dispoñer dos servizos dunha empresa externa especializada en compostaxe para a realización de campañas de información, sensibilización e educación dos usuarios (coas súas estratexias pertinentes), sendo esta unha tarefa indispensable para o bo funcionamento do sistema e a colaboración do usuario. Para os posteriores anos realízanse campañas de seguimento e reforzo, que serán realizadas pola mesma empresa de recollida de RSU de Santiago de Compostela, co fin de evitar o abandono dos participantes e mellorar a calidade da fracción recollida. Unha das tarefas para realizar é a atención continua ao público para atender calquera dúbida, inconformidade ou queixa do sistema. De igual maneira, as campañas de seguimento e reforzo teñen como función informar ao usuario da situación do proceso, é por iso que se enviará por diferentes medios aos usuarios e publicará na Web do Concello información tal como: cantidade de materia recollida, cumprimento dos obxectivos, incidencias a corrixir, beneficios do proceso e agradecementos pola

participación.



Figura 1. Plan Piloto de Compostaxe Comunitaria en Santiago de Compostela. Fonte: Propia

Selección, Clasificación e Reciclaxe

Tal como realízase actualmente, a través de SOGAMA preténdese dar tratamento á fracción resto mediante un proceso de clasificación para recuperar os materiais susceptibles de ser reciclados. Con respecto aos envases lixeiros, SOGAMA conta cunha planta de clasificación, onde as latas, os bricks e envases de plástico son separados de forma mecánica. É alí onde recíbese e clasifica o material por tipoloxías para posteriormente remitilo á empresas recicladoras.

A fracción vidro e papel/cartón enviaríanse ás plantas de reciclaxe para o seu aproveitamento.

Valorización Enerxética

A fracción dos residuos que non puideron ser aproveitados polos sistemas anteriormente nomeados poden ser tratados na planta Termoeléctrica, de Coxeneración e Biogás situada en SOGAMA para a recuperación enerxética dos mesmos.

Eliminación en Vertedoiro

A última opción, e non desexable, para o tratamento dos RSU é a eliminación dos mesmos a través do depósito en vertedoiros controlados. Actualmente o que se utiliza é o situado en Cerceda, A Coruña

É importante que todos os sistemas de tratamento contén co mellor sistema tecnolóxico, criterios técnicos e implementación de monitorización, fiscalización e control ambiental para obter resultados óptimos nos ámbitos económicos, ambientais e sociais.

J.9. A DIMENSIÓN AMBIENTAL DA PROPOSTA

Un dos principais valores a ter en conta na definición da xestión e recollida dos RSU atópase na mellora medioambiental e na redución do impacto sobre o medio, non só pola diminución da ocupación do solo mediante vertedoiros, senón que tamén por un menor esgotamento dos recursos naturais e un maior reciclado e recuperación. Ao mesmo tempo, habería que considerar tamén unha serie de melloras en externalidades de natureza ambiental como a redución da pegada de carbono ou a cuestión da limpeza dos contedores. Nos seguintes dous puntos sinalaranse algunhas das melloras nas cuestións relacionadas coa dimensión ambiental da proposta.

J.9.1. Indicadores Ambientais

A mellora na xestión e na recollida dos RSU posúe unha clara influencia no medioambiente, polo que calquera esforzo neste senso debe verse reflectido nunha mellora cualitativa dos indicadores ambientais. A comparación destes entre os actuais e os estimados da proposta futura amosa unha mellora notable nos mesmos.


INDICADOR	VALOR ACTUAL	VALOR HORIZONTE TEMPORAL
Cantidade de residuos enviados a vertedoiro e incinerados	Ao non ter recollida específica de materia orgánica e deficientes resultados na recollida por fracción, a calidade de residuos obtidos é pouca co cal a cantidade que vai a vertedoiro ou incineración é grande	Debido a que se propón a recollida da fracción orgánica e mellora nas demais fraccións, a cantidade de residuos que vai a vertedoiro ou incineración debería ser menor
Nº de vehículos eléctricos ou híbridos de recollida	0	Propónse que a nova concesión do servizo utilice algún vehículo eléctrico ou híbrido para a diminución da pegada de carbono
Cantidade de compost xerada	Plan piloto con poucos participantes e compost xerado	Coa proposta de separación de recollida de materia orgánica (Compostaxe Comunitaria e 5º Contedor) xerarase maior cantidade de compost

Táboa 1. Indicadores Ambientais propostos

Polo tanto, a proposta do sistema de recollida dos RSU contida neste documento supón unha clara mellora ambiental para o Concello de Santiago de Compostela.

Tendo en conta as premisas e as hipóteses para cada un dos escenarios da proposta, a continuación preséntanse as estimacións feitas en relación coa xeración e a recollida dos residuos sólidos urbanos.

○ sistema proposto para a xestión dos RSU do Concello de Santiago de



Compostela non está fundamentado exclusivamente na recollida e posterior tratamento, senón que ten coma base a prevención e a concienciación, investindo en educación para diminuír a xeración de residuos de cara ao futuro. Na táboa seguinte resúmese o crecemento anual da poboación para os tres escenarios contemplados e a evolución da xeración dos residuos totais anuais estimada segundo as actuacións de prevención e concienciación.

	Escenario 0	Escenario 2024	Escenario 2030
Poboación*	108.247	109.867	118.767
Residuos xerados totais ao ano no Sistema Municipal** (T)	48.961,74	49.370,41	51.642,35
Residuos xerados por habitante ao ano (T) no Sistema Municipal**	0,45	0,45	0,43
Residuos xerados totais ao ano no Concello*** (T)	58.209,44	58.618,11	60.890,05
Residuos xerados por habitante ao ano (T) no Concello***	0,54	0,54	0,51

Táboa 2. Evolución da poboación e a xeración dos residuos no horizonte temporal dos escenarios.


* Considérase a poboación de feito segundo o definido no punto F.

** Residuos totais dentro do Sistema Municipal Doméstico e asimilables

*** Considerando o Sistema Municipal Doméstico e asimilables máis as recollidas doutros operadores privados.

Considerando unha tendencia dinámica do crecemento de poboación, tanto natural como a compoñente de poboación residente non censada, o Concello de Santiago de Compostela incrementaría da orde de 10.000 persoas de cara ao 2030. O sistema de Xestión proposto deberá apostar pola colaboración cidadá, investindo en campañas de concienciación e educativas/formativas respecto da redución de xeración de residuos sólidos urbanos.

Outro obxectivo ambiental fundamental no sistema de xestión proposto é a mellora da recollida selectiva, é dicir, o aumento dos residuos recollidos por fraccións de maneira selectiva respecto do total de residuos recollidos. Coa implantación do sistema de separación en cinco fraccións conséguese mellorar a porcentaxe de residuos que serán reciclados ou revalorizados posteriormente, diminuíndo a porcentaxe que finalmente se envía a vertedoiro. Na táboa seguinte amósase a evolución da recollida selectiva bruta total respecto da xeración total de residuos sólidos urbanos para os tres escenarios propostos.






Figura 2. Evolución da recollida residencial selectiva bruta anual respecto da xeración residencial anual de residuos sólidos urbanos no sistema municipal do Concello de Santiago de Compostela.




Figura 3. Evolución da recollida de actividades selectiva bruta anual respecto da xeración de actividades anual de residuos sólidos urbanos no sistema municipal do Concello de Santiago de Compostela.




Figura 4. Evolución da recollida selectiva bruta total anual respecto da xeración total anual de residuos sólidos urbanos no sistema municipal do Concello de Santiago de Compostela.

Os datos obtidos para os tres escenarios reflicten unha evolución positiva da recollida selectiva. Co novo sistema de xestión de residuos sólidos urbanos pasaríase dun 46,08 % de recollida selectiva bruta respecto do total de residuos xerados no escenario 0 a un 60,07 % no ano 2024 e ata un 72,19 % no ano 2030. Esta estimación de mellora ven dada polas actuacións de concienciación e educación, pola implantación da recollida selectiva de 5 fraccións (engadindo o 5º contedor e Compostaxe para a materia orgánica), o aumento dos puntos de recollida selectiva coa batería completa de fraccións (reducindo as distancias aos puntos de recollida), e o

incremento tanto das fraccións como das zonas dotadas de servizo de recollida porta a porta (comercial e HORECA).

A comparativa da recollida selectiva de cada unha das fraccións para cada un dos escenarios temporais ven reflectida nas gráficas seguintes cunha breve análise de cada unha delas.




Figura 5. Evolución da recollida selectiva bruta total de envases lixeiros nos tres escenarios temporais.

Na fracción Envases Lixeiros amósase unha clara tendencia ao incremento da súa captura selectiva, cun claro incremento do 46,20 % para o ano 2024 e moito maior para o ano 2030, o 107,10 % respecto do Escenario 0 - 2019. Sen embargo, ao tratarse dunha fracción cunha elevada porcentaxe

de impropios, o volume final neto é inferior e de menor calidade que o volume bruto.




Figura 6. Evolución da recollida selectiva bruta total de vidro nos tres escenarios temporais.

Pola súa banda, a fracción Vidro amosa unha tendencia sostida ao incremento da súa captura selectiva, cun aumento do 14,51 % para o ano 2024 e do 30,95 % para o ano 2030 respecto do escenario do ano 2019. Ao mesmo tempo, a porcentaxe de impropios non é elevada, resultando un residuo de maior calidade para a súa valorización.




Figura 7. Evolución da recollida selectiva bruta total de papel e cartón nos tres escenarios temporais.

No relativo á fracción Papel - Cartón pode observarse unha tendencia sostida ao incremento da súa captura selectiva, cun aumento do 34,91 % para o ano 2024 e do 74,89 % para o ano 2030 respecto do escenario do ano 2019. Ao mesmo tempo, a porcentaxe de impropios non é elevada, resultando un residuo de maior calidade para a súa valorización.




Figura 8. Evolución da recollida selectiva bruta total de materia orgánica nos tres escenarios temporais.

A fracción que reflectirá o aumento máis significativo da recollida selectiva é a materia orgánica. Isto é debido a que na actualidade non existe recollida selectiva desta fracción. Para o escenario do 2024 estímase unha recollida selectiva da materia orgánica ata preto do 60 % en conxunto, cun importante incremento no Escenario 0 – 2019, debido á implantación da recollida a Grandes Produtores e actividades, de ata case o 40 %. Para o ano 2030 estímase que a recollida selectiva da fracción orgánica comercial e HORECA seguirá aumentando pero a menor ritmo, mentres que a residencial aumentará con maior porcentaxe, xa que para o ano 2024 deberían entrar en carga todas as zonas de recollida selectiva. Non obstante, o volume de materia orgánica a recoller mediante o sistema municipal para o seu tratamento posterior en planta reducirase, xa que gran parte da materia orgánica xerada será xestionada por medio de

compostaxe individual e comunitaria implantada progresivamente, non sendo necesario recollela para o seu posterior tratamento.



Figura 9. Evolución da recollida bruta total de resto nos tres escenarios temporais.

Obviamente, o incremento da captura selectiva das restantes fracción ten como consecuencia directa unha clara redución da fracción Resto. Analizando os tres escenarios temporais contéplase unha redución no ámbito doméstico e asimilable do 21,75 % e do 42,45 % nas actividades, en conxunto do 30,00 %, para o ano 2024 e do 40,48 % para o residencial e do 60,59 % nas actividades, e polo tanto, unha redución do 51,56 % para o total de resto para o ano 2030 respecto do Escenario 0 - 2019.

A mellora da recollida selectiva tras a implantación do modelo de xestión de RSU reflíctese na diminución da cantidade de impropios en todas as fraccións. A continuación móstrase por medio de gráficas a diminución porcentual dos impropios, considerando a cantidade de impropios respecto da recollida total selectiva.




Figura 10. Porcentaxe de impropios na recollida selectiva de Envases Lixeiros



Figura 11. Porcentaxe de impropios na recollida selectiva de Vidro

Nos casos dos impropios de vidro e papel cartón, unha vez acadado a porcentaxe mínima formulada para o horizonte 2024, considérase que esta porcentaxe manterase ó longo do tempo, xa que non sería agardable unha redución maior.




Figura 12. Porcentaxe de impropios na recollida selectiva de Papel e Cartón




Figura 13. Porcentaxe de impropios na recollida selectiva de Materia Orgánica

Con respecto ás repercusións ambientais da mellora da recollida selectiva, a máis importante é a redución dos residuos enviados a incineración ou a vertedoiro, sendo esta última a máis preocupante. Como xa se comentou en puntos anteriores, o marco normativo e directivo europeo está encamiñado a reducir ata practicamente cero a cantidade de residuos enviados a vertedoiro. Por este motivo é fundamental a redución da xeración, a reutilización, a reciclaxe e por último a revalorización enerxética dos residuos.

A mellora da recollida selectiva incide directamente na diminución dos residuos enviados á incineración e vertedoiro e polo tanto é unha prioridade do sistema de xestión, que traballará nesta dirección ao longo da súa implantación.




Figura 14. Evolución da redución da cantidade total anual de residuos enviados a incineración ou vertedoiro.

J.9.2. A limpeza dos Sistemas de Recollida

Para asegurar o mantemento e correcto estado dos contedores terase que realizar o lavado dos mesmos. O lavado dos contedores terá que distinguirse entre lavado interior ou exterior, e lavado de carga traseira, lateral ou guindastre segundo o tipo de contedores. O lavado interior realizarase con equipos lavacontedores axeitados, dotados dun condutor e

dous operarios, e mediante auga a presión e dilución xabonosa con desinfectante. No caso do lavado exterior tamén se realizará mediante equipos axeitados, sendo estes máis compactos e dotados de dous operarios, facendo un dos operarios a función de condutor. O lavado exterior realizarase con auga a presión e coa axuda de cepillos e produtos químicos de limpeza respectuosos co medioambiente.

Respecto da organización do lavado tamén se distinguirá segundo o tipo de lavado. No caso do lavado interior, e pola necesidade de ter o contedor baleiro, o equipo de lavado fará unha xornada completa seguindo o equipo de recollida, sendo lóxico que se laven todos os contedores da mesma ruta. Para o lavado exterior non será necesaria unha xornada completa, xa que supón aproximadamente un terzo do tempo do lavado interior, e poderá realizarse en parte do horario laboral.

Ligado ás rutas de recollida, definíronse tamén as rutas de lavado interior. Estas rutas terían igual recorrido que as rutas de recollida e establecéronse as frecuencias segundo as necesidades hixiénicas dos contedores de cada unha das fraccións. Estas frecuencias veñen recollidas pola *Guía de Xestión de Residuos Municipais e Limpeza Viaria* (FEMP,) como as máis empregadas polo concellos enquisados para a elaboración da guía e preséntanse a continuación.

Tipoloxía Municipio	Época do ano	Envases Lixeiros	Papel/ Cartón	Resto	Vidro	Materia Orgánica
URBANO	Inverno	6	1	12	1	12
	Verano	6	3	15	2	15
RURURBANO	Inverno	5	1	12	1	12
	Verano	5	2	14	1	14
RURAL	Inverno	1	1	2	1	2
	Verano	2	1	2	1	2

Táboa 3. Número de lavados dos contedores ao ano

Para o lavado exterior, a frecuencia será mensual no caso da fracción orgánica e a fracción resto, e trimestral para as fraccións envases lixeiros, papel e cartón e vidro.

J.10. A DIMENSIÓN ECONÓMICA DA PROPOSTA

J.10.1. Custe do Servizo

A continuación, analizaranse os custos de xestión dos residuos sólidos xerados en Santiago de Compostela tanto para o ano 2016 (ano onde se teñen os últimos datos de residuos) como para o ano 2024 (ano de proxección da proposta).

Ano	Fase de Xestión	Custe (€/ano)
2016	Recollida	3.823.929,38
	Clasificación e tratamento	2.988.520,67
	TOTAL	6.812.450,05
2024	Compostaxe Doméstica e Compostaxe Comunitaria	556.019,13
	Recollida	5.312.101,66
	Clasificación e tratamento	2.170.452,98
	TOTAL	8.038.573,76

Táboa 1. Custes do Servizo para o ano 2016 e 2024

Polo tanto, tendo en conta as cifras sinaladas na anterior táboa existe un claro incremento do custe anual do servizo, da orde do 18 %. Este notable incremento do custe está relacionado fundamentalmente coa inclusión da recollida da fracción orgánica e, sobre todo, de novos sistemas específicos

para a recollida comercial e HORECA.

Así, e como pode observarse nas seguintes táboas, o custos totais por sistema de recollida, considerando tanto a súa compoñente de custos fixos como de custos variables, elévanse a **8.038.573,76 €**, dos cales un 34 % corresponde á recollida por contedor existente ata o de agora, máis a nova recollida da fracción orgánica mediante 5º Contedor, e un 27 % ao tratamento dos RSU en planta, mentres que un 39 % corresponde aos novos sistemas implantados (Compostaxe Doméstica e Comunitaria, Porta a Porta Comercial e HORECA en Casco Vello e Ensanche, Grandes Produtores e Quita e Pon no Casco Vello).

RESUME CUSTOS DE XESTIÓN POR SISTEMA DE RECOLLIDA

COMPOSTAXE		Total
Custos totais	Euros por ano	556.019,13 €
	Euros por día	1.523,34 €
Custos fixos	Euros por ano	194.129,00 €
	Euros por día	520,83 €
Custos variables	Euros por ano	361.890,14 €
	Euros por día	991,48 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por compostaxe

CONTEADOR		Total
Custos totais	Euros por ano	2.717.205,37 €
	Euros por día	7.444,40 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	1.168.196,06 €
	Euros por día	3.200,54 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	1.549.009,31 €
	Euros por día	4.243,86 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por contedor

PORTA A PORTA COMERCIAL E HORECA		Total
Custos totais	Euros por ano	2.263.896,75 €
	Euros por día	6.202,46 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	7.482,76 €
	Euros por día	20,50 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	2.256.413,99 €
	Euros por día	6.181,96 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por porta-porta

		Total
Custos totais	Euros por ano	100.221,19 €
	Euros por día	274,58 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	15.103,37 €
	Euros por día	41,38 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	85.117,82 €
	Euros por día	233,20 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por porta-porta (Gran Produtor)

		Total
Custos totais	Euros por ano	230.778,35 €
	Euros por día	632,27 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	4.686,16 €
	Euros por día	12,84 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	226.092,19 €
	Euros por día	619,43 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por porta-porta (Gran Produtor)

Custos de clasificación e tratamento	Euros por ano	2.170.452,98 €
	Euros por día	5.946,45 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	62,29 €
	Euros por ano e habitante	19,76 €

Táboa XX. Resumo custos de tratamento da fracción orgánica

Custos de tratamento	Euros por ano	2.170.452,98 €
	Euros por día	5.946,45 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	62,29 €
	Euros por ano e habitante	19,76 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica

		Total
Custos totais	Euros por ano	8.038.573,76 €
	Euros por día	22.023,49 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	185,91 €
	Euros por ano e habitante	73,17 €
	Euros por ano e hectárea	364,12 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	1.389.597,34 €
	Euros por día	3.807,12 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	32,14 €
	Euros por ano e habitante	12,65 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	4.478.523,45 €
	Euros por día	12.269,93 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	103,58 €
	Euros por ano e habitante	40,76 €

A distribución dos custos segundo o sistema de recollida amósase no gráfico seguinte, no cal pode observarse como unha importante porcentaxe 39 % corresponde aos novos sistemas de recollida e dentro dos mesmos ao sistema Porta a Porta Comercial e HORECA en Casco Vello e Ensanche cun 28 %.




Figura XX. Estimación de custes anuais por sistema de recollida

Por outra banda, a consideración das distintas fraccións respecto do seu custo amosa como a fracción resto continúa a ser a que maior porcentaxe posúe, seguida da orgánica, en particular polo seu elevado custo variable, segundo pode observarse nas seguintes táboas.

FRACCIÓN ORGÁNICA		Total
Custos totais	Euros por ano	2.278.409,39 €
	Euros por día	6.242,22 €
Custos fixos	Euros por ano	379.486,55 €
	Euros por día	520,83 €
Custos variables	Euros por ano	1.380.416,77 €
	Euros por día	3.781,96 €
Custos tratamento	Euros por ano	518.506,07 €
	Euros por día	1.420,56 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica

FRACCIÓN VIDRO		Total
Custos totais	Euros por ano	604.582,25 €
	Euros por día	1.656,39 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	199.421,85 €
	Euros por día	546,36 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	405.160,40 €
	Euros por día	1.110,03 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción vidro

FRACCIÓN ENVASES LIXEIROS		Total
Custos totais	Euros por ano	1.070.234,07 €
	Euros por día	2.932,15 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	243.637,90 €
	Euros por día	667,50 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	826.596,17 €
	Euros por día	2.264,65 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción envases lixeiros

FRACCIÓN PAPEL CARTÓN		Total
Custos totais	Euros por ano	1.214.065,31 €
	Euros por día	3.326,21 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	235.844,60 €
	Euros por día	646,15 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	978.220,71 €
	Euros por día	2.680,06 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción papel cartón

		Total
Custos totais	Euros por ano	2.871.282,75 €
	Euros por día	7.866,53 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	331.206,44 €
	Euros por día	907,41 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	888.129,40 €
	Euros por día	2.433,23 €
Custos tratamento	Euros por ano	1.651.946,91 €
	Euros por día	4.525,88 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción resto

De xeito resumido, os custos totais do servizo son os sinalados na seguinte táboa.

		Total
Custos totais	Euros por ano	8.038.573,76 €
	Euros por día	22.023,49 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	185,91 €
	Euros por ano e habitante	73,17 €
	Euros por ano e hectárea	364,12 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	1.389.597,34 €
	Euros por día	3.807,12 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	32,14 €
	Euros por ano e habitante	12,65 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	4.478.523,45 €
	Euros por día	12.269,93 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	103,58 €
	Euros por ano e habitante	40,76 €
Custos de tratamento	Euros por ano	2.170.452,98 €
	Euros por día	5.946,45 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	50,20 €
	Euros por ano e habitante	19,76 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión totais




Figura XX. Estimación de custes anuais por fracción

A distribución entre custos fixos, variables e o custo do tratamento amósase no seguinte gráfico:




Figura XX. Estimación de custes anuais segundo tipo

Polo tanto o custo total de xestión de RSU para o ano 2024, horizonte do contrato de servizos, é de **8.038.573,76 €**.

No Anexo IV desagregase completamente a análise dos custes de xestión para o ano horizonte do 2024.

De todos xeitos, este custo total considérase sen a posible aportación de ingresos derivados da venda no mercado secundario das fraccións reciclables (vidro, envases lixeiros e papel – cartón), o cal podería, obviamente, reducir o custo. Ao mesmo tempo, o compost producido podería ser empregado para reducir os custos derivados da necesidade de

terra vexetal e abono nos parques e xardíns municipais.

J.10.2. Inversións

Os investimentos que se deben realizar para o novo sistema de xestión de RSU veñen representados polos novos contedores das fraccións de residuos que se deben instalar en varias zonas onde non existen actualmente e lograr os obxectivos estratéxicos estipulados neste documento. Ademais, haberá que considerar as inversións en vehículos de recollida precisas para a realización do traballo, independentemente da subrogación ou aluguer dos existentes na actualidade, sobre todo no caso de que sexa precisa a súa renovación.

Sumado a iso, outro dos investimentos a realizar neste sistema é o que ten que ver coa compostaxe comunitaria onde os principais elementos a custear son as illas de compostaxe, biotrituradora e vehículo para transporte do persoal que fará seguimento e mantemento das zonas de compostaxe.

Nas seguintes táboas desagreganse os custes de inversión que serán precisos realizar para a execución do servizo.

COMPOSTAXE		Total
Inversións totais		204.817,80 €
	Euros por ano	
	Euros por día	561,14 €
Elementos de recollida: material fixo	Euros por ano	195.534,49 €
		520,83 €
	Euros por día	
Elementos de recollida: material móbil (vehículos e camiós)	Euros por ano	9.283,31 €
		25,43 €
	Euros por día	

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por compostaxe

CONTEADOR		Total
Inversións totais	Euros por ano	888.659,56 €
	Euros por día	2.434,68 €
Elementos de recollida: material fixo	Euros por ano	548.392,29 €
	Euros por día	1.502,44 €
Elementos de recollida: material móbil (vehículos e camiós)	Euros por ano	340.267,27 €
	Euros por día	932,24 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por contedor

PORTA A PORTA COMERCIAL		Total
Inversións totais	Euros por ano	152.727,25 €
	Euros por día	418,43 €
Elementos de recollida: material fixo	Euros por ano	6.129,89 €
	Euros por día	16,79 €
Elementos de recollida: material móbil (vehículos e camiós)	Euros por ano	146.597,36 €
	Euros por día	401,64 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por porta-porta

QUITA E PON		Total
Inversións totais	Euros por ano	20.761,48 €
	Euros por día	56,88 €
Elementos de recollida: material fixo	Euros por ano	12.691,90 €
	Euros por día	34,77 €
Elementos de recollida: material móbil (vehículos e camiós)	Euros por ano	8.069,58 €
	Euros por día	22,11 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por porta-porta (Gran Produtor)

GRAN PRODUTOR FRACCIÓN ORGÁNICA		Total
Inversións totais	Euros por ano	22.497,98 €
	Euros por día	61,64 €
Elementos de recollida: material fixo	Euros por ano	3.937,95 €
	Euros por día	10,79 €
Elementos de recollida: material móbil (vehículos e camiós)	Euros por ano	18.560,03 €
	Euros por día	50,85 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica recollidos por porta-porta (Gran Produtor)

As inversións precisas ascenden a **1.289.464,08 €**.

Polo tanto, as inversións totais asignadas aos diferentes sistemas de xestión e recollida dos RSU no Concello de Santiago de Compostela segundo a

proposta obxecto deste documento é o sinalado na seguinte táboa:

		Total
Custos totais	Euros por ano	1.289.464,08 €
	Euros por día	3.532,78 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	29,82 €
	Euros por ano e habitante	11,74 €
	Euros por ano e hectárea	58,41 €
Custos fixos de recollida	Euros por ano	766.686,52 €
	Euros por día	2.100,51 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	17,73 €
	Euros por ano e habitante	6,98 €
Custos variable de recollida e transporte	Euros por ano	522.777,55 €
	Euros por día	1.432,27 €
	Euros por ano e tonelada de residuos	12,09 €
	Euros por ano e habitante	4,76 €

Táboa XX. Resumo custos de xestión da fracción orgánica

Este custo de inversión distribúese segundo o sinalado no seguinte gráfico respecto dos distintos sistemas de xestión e recollida:




Figura XX. Inversións por sistemas de recollida

No gráfico anterior pode observarse como as maiores inversións a realizar corresponden co sistema de recollida por contedor.

Por outra parte, ademais das inversións en material de carácter operativo necesarios para a realización das distintas tarefas, debe considerarse outras inversións como vehículos de supervisión para o persoal directivo e capataces ou as instalacións centrais precisas como base e centro administrativo do licitador que, polo que respecta a esta proposta, considerase incluído nos custes xerais (13 % do custe) establecidos na estimación económica realizada.

J.10.3. Persoal

